

**NOTIFICACIÓN ÁS FAMILIAS
PERSOAL DE COLABORACIÓN NO COMEDOR ESCOLAR DO CENTRO****NORMATIVA DE REFERENCIA**

Instrución 2/2021, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, do 1 de xuño, sobre funcionamento dos comedores escolares de función directa no curso escolar 2021/2022

1.	PERSOAS QUE PODEN DESEMPEÑAR AS FUNCIÓNS DE COLABORACIÓN NO COMEDOR ESCOLAR
	<ul style="list-style-type: none">▪ Nais, pais, titores legais ou acolletores familiares de alumnos/-as que estean cursando estudos no centro durante o curso escolar 2021/2022 e que non desempeñasen este labor durante máis de 36 días no curso escolar 2020/2021.▪ De non haber suficiente persoas que cumpran o requisito esixido no punto anterior, e despois da autorización expresa da XT da Consellería de Cultura, Educación e Universidade en Ourense, nais, pais, titores legais ou acolletores familiares de alumnos/-as que desempeñasen este labor máis de 36 días no curso escolar 2020/2021.▪ Con carácter excepcional, por non existir persoal funcionario e laboral da Xunta de Galicia, nin colaboradores directos dispoñibles previstos ordinariamente en número suficiente, poderán desempeñar a función de colaboración outros familiares do alumnos/-as comensais, ex-colaboradores deste servizo, persoal relacionado coa comunidade educativa (conserxes, persoal de limpeza), así como persoal que participe en programas de voluntariado social (Concellos, ONGs).
2.	PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN
	<p>A dirección do centro, tras acordo do consello escolar, determinará as persoas que durante o curso 2021/2022 van colaborar voluntariamente nas tarefas de atención e apoio dos alumnos comensais, elixindo aquelas que se consideren idóneas.</p> <p>Estas persoas poderán ser relevadas polo Consello Escolar, cando a xuízo deste órgano, perdan a idoneidade requirida para o efecto.</p>
3.	DOCUMENTACIÓN ESIXIDA, NO CASO DE SER SELECCIONADO/-A, PARA O DESEMPEÑO DA FUNCIÓN DE PERSOAL COLABORADOR
	<ul style="list-style-type: none">▪ Certificación negativa do Rexistro Central de delinquentes sexuais.▪ NIF ou NIE▪ Certificación acreditativa dunha entidade financeira co número de conta (IBAN) para realizar o pagamento da compensación pola colaboración realizada.▪ Anexo III, debidamente asinado, da Instrución 2/2021 aludida como normativa de referencia.
4.	LUGAR E DATAS DE COMUNICACIÓN DE PARTICIPACIÓN
	<ul style="list-style-type: none">▪ Dirección/Secretaría do centro.▪ Ata o 02 de setembro de 2021, e de ser preciso, pola insuficiencia de solicitudes, ata o 22 de decembro de 2021, para nais, pais, titores legais ou acolletores familiares.▪ Lista aberta ao longo de todo o curso para outros familiares do alumnos/-as

comensais, ex-colaboradores deste servizo, persoal relacionado coa comunidade educativa (conserxes, persoal de limpeza), así como persoal que participe en programas de voluntariado social (Concellos, ONGs).

5. COMPENSACIÓNS ECONÓMICAS VINCULADAS Á ATENCIÓN DO COMEDOR ESCOLAR

- **Posibilidade de xantar no comedor do centro.**
- **12,50 € por cada día de asistencia efectiva ao comedor**, aos que se lle aplicará a retención fiscal que corresponda. (Mínima 2%)
- **Os importes aboaranse mediante tres pagamentos, nos meses de xaneiro de 2022** (período de setembro a decembro de 2021 / 1º trimestre escolar), **abril de 2022** (período de xaneiro a marzo de 2022 / 2º trimestre escolar) e **xullo de 2022** (período de abril a xuño de 2022 / 3º trimestre escolar).

6. FUNCIÓNS E HORARIO DO PERSOAL COLABORADOR

- **As persoas que colaboren no comedor desempeñarán as funcións que sinala o art. 9 do Decreto 132/2013 en relación co art. 8.5 da Orde do 21 de febreiro de 2007.**

“...As colaboracións dos pais, nais, titores legais e acolletores familiares do alumnado matriculado en centros que posúan servizo de comedor escolar... levará consigo o compromiso de colaborar coa comunidade educativa no coidado e vixilancia dos menores comensais, a aceptación polo persoal colaborador do sistema de organización previsto no correspondente protocolo de funcionamento do comedor escolar y o seu compromiso de avisar con tempo suficiente as súas ausencias, que deberán ser xustificadas, ou o cese da colaboración. O incumprimento destas condicións será causa válida para que o centro dea por rematada a colaboración”.
- **O Horario no centro será segundo se especifica:**
Meses de setembro 2021 e xuño 2022: **12:30 h a 15:30 h**
Meses de outubro 2021 a maio 2022: **13:30 h a 16:15 h**

Ourense, 1 de xullo de 2021

O director,

Asdo.: Xosé Rodríguez Iglesias